

PROTOCOLO COMEDOR

CEIP MANUEL
PADÍN TRUITEIRO.

ARCADE (SOUTOMAIOR)



APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR O 22 de FEBREIRO de 2022.

TÁBOA DE CONTIDO

1. LEXISLACIÓN.....	4
2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	4
2.1. Modalidade de prestación do servizo.....	4
2.2. Número de prazas e usuarios.....	4
2.3. Horario comedor.....	4
2.4. Planos e dependencias.....	5
3. OBXECTIVOS DO COMEDOR ESCOLAR.....	5
4. NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR.....	6
5. ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.....	7
5.1. Reserva de prazas.....	7
5.2. Custodia do alumnado.....	7
5.3. Indisposicións.....	7
5.4. Pago do menú.....	8
5.5. Faltas de asistencia das usuarias e usuarios.....	8
5.6. Os menús.....	8
5.7. Menú único.....	8
5.8. Comida sobrante.....	9
5.9. Incidencias.....	9
6. FUNCIONAMENTO DÍA A DÍA.....	10
6.1. Funcionamento día a día.....	10
6.2. Encargadas/os de mesa.....	10
6.3. Monitoras/es.....	10

1. INTRODUCCIÓN E LEXISLACIÓN.

O ámbito de aplicación deste protocolo comprende aos usuarios do CEIP Manuel Padín Truiteiro a que contén alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria. Para un correcto funcionamento do servizo faise necesario elaborar un protocolo de uso de comedor no que os usuarios/as e as persoas que traballan e/ou colaboran na prestación deste servizo, coñezan con precisión cales son as súas obrigas e os seus dereitos en relación co mesmo. Neste protocolo deben aparecer polo tanto, cales son as funcións das persoas que participan no servizo: persoal de atención ao alumnado do comedor, encargado/a de comedor e director/a. Tamén se sinalarán os dereitos e deberes do alumnado que recibe o servizo e das súas familias e como se organiza o comedor.

Legislación:

- [ORDE do 21 de febreiro de 2007](#) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Universidades.
- [DECRETO 132/2013](#), do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG, 13/08/13)
- INSTRUCCIÓN 3/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2021-2022.

2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

2.1. Modalidade de prestación do servizo.

O noso comedor escolar é da modalidade de xestión indirecta de tipo B (de 76 a 150 comensais) É a Consellería de Educación quen contrata unha empresa que nos proporciona o servizo de catering.

2.2. Número de prazas e usuarios.

O número total de prazas adxudicadas é de 121 nenas/os, nunha soa quenda.

2.3. Horario comedor.

Os días de funcionamento do comedor escolar figuran na *ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O horario de funcionamento do comedor está determinado polo propio horario lectivo do centro dende o mes de setembro ata o mes de xuño.

O horario de comedor é de luns a venres de 14:00 a 16:00.

Incorporación ao servizo:

- Infantil ás 14:00
- Primaria ás 14:10 e 14:15.

O alumnado da etapa de educación infantil entrará dez minutos antes, xa que rematan as clases de mañá antes, para evitar coincidencia na saída con primaria.


Do mesmo xeito, respectarase a súa saída para que sexa o máis sinxela posible e para que os/as colaboradores os/as acompañen ao servizo antes de ir para o patio ou para actividades.

O servizo de comedor abranxe a prestación do servizo de xantar e o tempo libre anterior e posterior ao mesmo.

2.4. Planos e dependencias.

Os espacios adicados a comedor son tres, debido á situación epidemiolóxica emprégase o salón de actos para tal fin:

- A) Comedor de Infantil e 1º.
- B) Comedor de 1º, 2º, 3º e 4º.
- C) Salón de actos para 5º e 6º.



Contan con dous baños propios, neste curso empregarán tamén os aseos do corredor de abaixo (alumnado de 5º e 6º) e un espazo para gardar os abrigos e as mochilas.

3. OBXECTIVOS DO COMEDOR ESCOLAR.

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

3.1 Obxectivos Xerais:

Proporcionar ás familias un servizo complementario e mesmo imprescindible para conciliar os horarios dos seus fillos ou fillas co seu horario laboral.

- Proporcionar ao alumnado unha dieta saudable e equilibrada.
- Concienciar ás nenas e nenos da importancia da alimentación para o funcionamento do seu organismo e, polo tanto, para a súa saúde e a súa vida.
- Promover nos nenos a nenas a idea de que a comida é tamén un feito social que comporta normas de relación cos demais.
- Asentar actitudes de igualdade entre nenos e nenas á hora de realizar tarefas relacionadas co momento da comida.
- Promover e asentar a relación, o intercambio e a cooperación cos demais.

3.2 Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a saúde.
- Pór en práctica normas hixiénicas e sanitarias practicadas na aula na hora da merenda.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso adecuado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e pór en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obter dunha colaboración conxunta coas responsables de comedor.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do Centro Educativo e a importancia de continuar cos mesmos no fogar.

3.3 Educación para a Convivencia:

- Adquirir e pór en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Despertar nos alumnos o espírito de cooperación, implicándoos, según sas súas posibilidades, en tarefas de servizo do Comedor: retirar o servizo, axudar aos máis pequenos ...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.

- Conseguir un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, enseres e utensilios de uso comunitario.

4. NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR.

Para facilitar o seu cumprimento, as familias usuarias deberán asumir os seguintes compromisos:

- Respectar os días de uso marcados na solicitude.
- Aportar a documentación que se requira por parte da dirección do centro.
- Aboar os menús (aquelas familias ás que en aplicación da instrución correspondente da Consellería de Educación lles corresponde) cada mes. Os prezos son de 1 €, 2,50 € ou 4,50 €. O número de alumnado que este curso debe aboar estas cantidades é de 30; o resto de menús son aboados integramente pola administración.
- Cumprir o horario de recollida do alumnado; non antes das 3:00h.

Importante: Dado que en setembro e xuño, así como todos os martes do curso, non hai servizo de biblioteca, o alumnado ten que ser recollido antes das 16:00 h.

- Anular os menús, nos casos de ausencia xustificada ao comedor, coa maior antelación posible. Hora tope: ás 9:30h. do propio día. É moi importante non estragar a comida. Cando non se asista ao comedor pero si asista ao cole, ademais de anular o menú, é necesario avisar tamén á súa titora, mediante unha nota na axenda.
- Cando se recolla durante a mañá a algún alumno ou alumna indisposta, débese avisar en secretaría de que non vai comer para poder retirarlle o servizo.

Cada alumno disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará o cepillo e a pasta de dentes para o cepillado e hixiene dos dentes.

- O traballo das coidadoras do comedor escolar non é doado. É fundamental que desde as familias se inculque nos nenos e nenas o respecto hacia esas traballadoras e facilitarlles o seu labor, potenciando desde as casa uns hábitos alimenticios saudables e unha correcta actitude na mesa, non berrar mentres estamos comendo.

- Falar en voz baixa.
- Manter a súa parte da mesa limpa
- Non xogar coa comida.
- Non tirar nada ao chan.
- Mastigar coa boca pechada e non falar coa boca chea.
- Asumir as sancións que se poidan aplicar por parte da comisión de comedor do Consello Escolar no caso de absentismo inxustificado.
- Asumir as sancións en caso de mal comportamento reiterado do alumnado. (Pódese suspender o dereito a asistir o comedor de forma temporal ou, mesmo, definitivamente).

En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos e nenas que asistan ao comedor. Nunca se deben entregar medicamentos aos nenos e nenas para que os tomen eles/as sós. No caso de ter que administrar algún medicamento, nestes casos, farase necesario o desenvolvemento das autorizacións correspondentes según marca a lexislación vixente.

Ademais debido á alerta sanitaria debemos:

Na entrada do comedor escolar haberá xel hidroalcohólico para realizar unha correcta desinfección de mans a entrada e a saída do mesmo.

Será **obligatorio o uso de máscara** para o alumnado, excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Na medida do posible, **o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas**, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo.

O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio.

Será necesario o **registro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as**, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia.

Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.

Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.

Os locais utilizados no servizo de **comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda.**

As **portas permanecerán abertas** e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

5. ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.

5.1. Reserva de prazas.

Unha vez publicadas pola Xunta de Galicia as Instrucións para uso dos comedores, abrírase o prazo de reserva de praza para usuarios de comedor.

Anunciarase na páxina WEB do centro, taboleiro de anuncios do centro e comunicarse por ABALAR a apertura da reserva.

Xeralmente esta é a finais de xuño e 1º días de xullo, nas instrucións marcan entre os meses de xuño e xullo. E obriga das familias estar pendentes dos prazos..

5.2. Custodia do alumnado.

Durante o periodo de Comedor o alumnado estará custodiado polas monitoras de comedor ata ás 16:00 horas como máximo.

Nas tarefas de atención ao alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar poderán participar o persoal docente, os/as monitores/as escolares e os/as coidadores/as de educación especial do centro.

5.3. Indisposicións.

Se un/ha alumno/a se atopa indisposto/a durante o periodo de Comedor, a encargada do mesmo avisará ao profesorado que este realizando a garda de comedor para que se poña en contacto coa casa do alumno/a e a familia virá recollelo na maior brevidade posíbel.

Aplicarase o protocolo da escola.

5.4. Pago do menú.

Este pago faise directamente coa empresa e estarán obrigadas ao pagamento das tarifas pola prestación do servizo de comedor, en base ao disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013:

a) Os pais, nais, titores legais, no nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito a gratuidade total do servizo de comedor.

O uso do servizo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013, dará lugar ao aboamento das seguintes tarifas por parte dos suxeitos obrigados:

a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no punto 7.2.3 desta instrución. 18

b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no no punto 7.2.3 desta instrución.

c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de Educación Infantil. Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de Educación Infantil

Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

É responsabilidade da dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao longo do curso escolar os impagamentos das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

5.5. Faltas de asistencia das usuarias e usuarios.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que **durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo**, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.30 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

As faltas de asistencia poderán comunicarse:

♣ Por correo electrónico: ceip.manuelpadin.truiteiro@edu.xunta.gal

♣ Por teléfono: 986 700 049

5.6. Os menús.

A empresa concesionaria do servizo entregará de xeito mensual o menú que se exporá no taboleiro de cortiza do corredor de secretaría e na páxina web do centro. Este é elaborado por nutricionista da Xunta de Galicia, será un menú equilibrado e san.

5.7. Menú único.

O menú será único para todos os comensais. Non obstante poden establecerse excepcións:

- Dietas blandas: Para alumnos con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescripción médica.
- Alumnos alérxicos a alimentos o que padezan calquera enfermidade ou trastorno somático que precise dunha alimentación específica. (Deberán presentar un certificado médico). Non obstante, aqueles alumnos/as con alerxias moi localizadas poderán facer uso ordinario do comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, excepto os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes aos que son alérxicos, en cuxo caso tomarán un menú alternativo.
- Alumnos islámicos: autorízase a ditos alumnos a ter unha dieta libre de carne porcina.

5.8. Comida sobrante.

O procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante, a cal se distribuirá exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona, de conformidade co previsto na Instrución 2/2017 do 23 de marzo.

Na nosa escola encargárase a empresa.

5.9. Incidencias.

No caso dunha incidencia durante o periodo de comedor as monitoras avisarán ao profesorado de garda para que este tome as medidas que se consideren oportunas.

Teremos en conta o seguinte:

1. Faltas leves.

a) Considéranse faltas leves:

- Desobedecer levemente as indicacións das monitoras
- Non lavar as mans ou os dentes.
- Entrar ou saír do comedor desordeadamente.
- Entrar ao comedor con obxectos non permitidos.
- Non facer un uso adecuado dos utensilios empregados para comer.
- Facer ruído ou gritar.
- Calquer outra conduta que afecte levemente a respect, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Amonestación verbal ao alumno/a. No caso de ser reiterado comunicaráse aos pais/nais por escrito.
- Separación temporal do grupo de referencia.
- Perdida do dereito a participar en xogos.
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.
- Estas poderán ser impostas polo personal coidador.

2. Faltas graves

a) Considéranse faltas graves:

- Acumulación de tres faltas leves.
- Desobedecer gravemente as indicacións das monitoras.
- Cambiarse de mesa ou de grupo e levantarse sen causa xustificada.
- Saír do comedor sen permiso das monitoras.
- Deteriorar á mantenta o material propio do comedor.
- Impuntualidade reiterada á hora de recollida do alumno/a (máis de 3 veces)
- Imposibilidade de contactar coa familia de xeito telefónico.
- Calquer outra conducta que afecte gravemente ao respect, integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Calqueira das contempladas para as faltas leves.
- Amonestación por escrito ao alumno/a e aos pais/nais.
- Separación permanente do grupo de referencia.

- Comer el so nunha mesa durante 5 días
- Expulsión temporal do comedor (5 Días)

Estas sancións serán impostas polo Equipo Directivo e serán comunicadas aos pais/nais.

3. Faltas moi graves.

a) Considéranse faltas moi graves.

- Acumulación de tres faltas graves.
- Calquer outra conducta que afecte moi gravemente ao respect, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas graves.
- Ademais: expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes)
- Expulsión definitiva do comedor.

6. FUNCIONAMENTO DÍA A DÍA.

6.1. Funcionamento día a día.

As monitoras recollerán ao alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º ás 14:00 horas. O resto do alumnado irá cando saia co seu grupo-clase.

Sentarase cada un no seu lugar despois de desinfectar as mans debidamente.

6.2. Encargadas/os de mesa.

Mentres dure a Alerta Sanitaria pola COVID e mentres a Xunta de Galicia non publique outro protocolo para o servizo de comedor anulando o existente para a prevención da transmisión da COVID. Non haberá encargados/as de mesa.

6.3. Monitoras/es.

As monitoras do comedor escolar terán as seguintes funcións:

- Imprescindible presenza física, tanto no trascurso da comida como durante os tempos de recreo.
- Dirixirse nun ton axeitado e linguaxe correcta aos alumnos/as comensais, sempre co debido respecto e de acordo á capacidade de cada un deles.
- O servizo e atención ás mesas dos usuarios/as, procurando unha correcta utilización e conservación do menaxe do comedor.
- Coidar e apoiar ó alumnado que pola súa idade ou necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade, necesite a colaboración dunha persoa adulta.
- Axudar aos nenos e nenas que o precisen nas actividades de alimentación e aseo.
- Deberán comunicar á encargada do comedor ou ao director calquera anomalía que detecten no servizo.
- Adoptar as medidas necesarias para que non se impida unha inxesta satisfactoria en aqueles alumnos/as que precisen máis tempo.

A responsable do comedor ademais das funcións de coidadora, deberá:

- Supervisar os preparativos do servizo de comedor, coordinando as tarefas das coidadoras e garantindo a apertura do servizo no horario aprobado.
- Controlar o acceso e a presenza no comedor escolar dos comensais.
- Controlar que o menú servido faise nas condicións hixiénicas axeitadas e que o menaxe está nun estado bo para a súa utilización.
- Controlar que o menú servido se axuste previamente ao planificado e informado a pais/nais e usuarios/as.